



CAMPAÑA DE SEGURIDADE NA CAZA “CAZA SEGURO, PARA CAZAR BEN”

O Presidente da Federación Galega de Caza xunto co Director Xeral de Conservación da Natureza acaban de presentar a campaña, “Caza seguro, para cazar ben” que vai dirixida a concienciar e sensibilizar a tódolos cazadores da necesidade de extremar as precaucións para facer da caza unha actividade deportiva totalmente segura. E certo que a caza ten unha baixa siniestralidade, pero o obxectivo debe ser rebaixala aínda máis. Esta campaña vai nesa dirección e consiste na distribución de chalecos de cor amarelo, roupa de cores vivas para fomentar deste xeito o seu uso, e así lograr unha mellor visibilidade dos compoñentes da cacería, igualmente distribuiranse folletos e carteis divulgativos con consellos sobre a caza con seguridade que chegarán os cazadores a través das sociedades de caza.

Durante a presentación desta campaña para a prevención de accidentes nas cacerías o Presidente da FGC sinalaba *“cazar seguro depende de cadaún de nós, das precaucións que cada cazador adoptemos, pero tamén da nosa visibilidade, por iso aconsellámo-lo uso dos chalecos ou roupa de cores vivas para axudar a que os nosos compañeiros saiban onde estamos. En definitiva, debemos poñer os cinco sentidos nas nosas accións porque a maior seguridade está na nosa boa cabeza. A caza responsable tamén debe ter en conta parámetros de seguridade”*, remataba alertando aos cazadores para que tomen as máximas precaucións posibles sempre que saian de caza.

O Director Xeral de Conservación manifestou: *“Esta campaña parécenos óptima, incluso necesaria. Todas estas accións que se van desenvolver deben levarnos a unha accidentalidade cero. E necesario que os cazadores cacen con seguridade, por eles mesmos e tamén polo resto dos usuarios do monte, que deben sentir que o espazo que comparten cos cazadores e unha zona sen riscos.”*

Esta campaña forma parte dun dos programa do Convenio asinado recentemente entre a Federación Galega de Caza e a Consellería de Medio Ambiente para a divulgación da actividade cinexética.



O Director Xeral de Conservación da Natureza e o Presidente da Federación Galega de Caza, na presentación da campaña



Cartel da campaña



Mostra do material que se repartirá na campaña